



CONCELLOS

CASTROVERDE

Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito mediante crédito extraordinario núm. 10/2025 e modificación do Anexo de Inversións do orzamento xeral do 2025.

O Pleno da Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de xullo de 2025 aprobou inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 10/2025, na modalidade de crédito extraordinario.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do artigo 177.2., do Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que consideren oportunas.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Castroverde, 9 de xullo de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1982

Anuncio

APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA REGULADORA DO ACTO DE BENVIDA SOCIAL OU BAUTISMO CIVIL DE CASTROVERDE. EXTE 153/2025

Aprobada inicialmente a Ordenanza reguladora do acto de benvida social ou bautismo civil de Castroverde, por acordo do Pleno de data 3 de xullo de 2025, de conformidade cos artigos 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e 56 do Texto Refundido de Réxime Local, sométese a información pública polo prazo de **TRINTA (30) DÍAS HÁBILES**, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinada e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais e na sede electrónica (<https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>) para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerárase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Castroverde, 9 de xullo de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1983

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 03/07/2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de suplemento de crédito (MC 12/2025 SC 01/2025) por importe de **104.907,83 euros**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 9 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1984

Anuncio

O Pleno desta Corporación, en sesión ordinaria celebrada o día 23/08/2024, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos mediante a modalidade de crédito extraordinario (MC 16/2025 CE 01/2025) por importe de **14.207,83 euros**, o que se publica aos efectos dos artigos 177.2 e 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, para que durante o prazo de quince días hábiles os interesados poidan examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Folgoso do Courel, 9 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 1985

RIBAS DE SIL

Anuncio

Aprobados por Decreto da Alcaldía de data 08/07/2025 os padróns da taxa polo Servizo de recollida de lixo rural correspondente ao 2º Trimestre de 2025 e do SAF do mes de xuño de 2025, por medio do presente expóñense ao público por prazo de 20 días, contados a partir do día seguinte ó da súa inserción no BOP ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, considerándose definitivamente aprobados se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Contra o acordo de aprobación dos devanditos padróns poderá interpoñerse recurso de reposición ante o propio alcalde polo prazo de un mes, contado dende o día inmediato seguinte ó de finalización do período de exposición ó público. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei reguladora da referida xurisdición.

O mesmo tempo establece un período de cobranza en fase de ingreso voluntario de dous meses. Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciárase o período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria; procedéndose a súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, a través do Servizo de Recadación da Deputación de Lugo de acordo co establecido no artigo 161 da devandita Lei.

A presente publicación, no suposto de exposición ó público dos padróns e anuncio de cobranza, ten o carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria.

Ribas de Sil, 8 de xullo de 2025.- O alcalde, Roberto Castro González.

R. 1986

SARRIA

Anuncio

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto-Legislativo 2/2004, Texto Refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facendas Locais ao que se remite o artigo 177.2 da mesma lei, e no art. 20.I en relación co 38.2 do Real Decreto 500/1990, faise público para xeral coñecemento que o acordo inicial adoptado polo Concello Pleno en sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2025 de aprobación do expediente de modificación de crédito de suplemento de crédito SC 2/2025, queda elevado a definitivo ao non presentarse reclamacións no prazo de exposición ao público, quedando despois de dito expediente, o resumo por capítulos do orzamento prorrogado para 2025, da seguinte forma:

Estado de Ingresos

Cap. 1	Impostos directos	4.395.000,00 €
Cap. 2	Impostos indirectos	342.664,61 €
Cap. 3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.604.500,00 €

Cap. 4	Transferencias correntes	5.920.904,95 €
Cap. 5	Ingresos patrimoniais	400,00 €
Cap. 7	Transferencias de capital	658.412,34 €
Cap. 8	Activos financeiros	1.592.577,21 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	615.309,22 €
	TOTAL	17.129.768,33 €

Estado de Gastos

Cap. 1	Gastos de persoal	5.970.182,76 €
Cap. 2	Gastos en bens correntes e servizos	8.085.791,16 €
Cap. 3	Gastos financeiros	97.580,50 €
Cap. 4	Transferencias correntes	468.232,83 €
Cap. 5	Fondo de continxencia e outros imprevistos	4.754,85 €
Cap. 6	Investimentos reais	1.514.339,22 €
Cap. 7	Transferencias de capital	0,00 €
Cap. 8	Activos financeiros	9.000,00 €
Cap. 9	Pasivos financeiros	308.135,12 €
	TOTAL	16.458.016,44 €

Sarria, 9 de xullo de 2025.- O ALCALDE-PRESIDENTE, Claudio M. Garrido Martínez.

R. 1987

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA APROBACIÓN INICIAL Numeración de vivendas existentes no concello de Taboada e creación dun censo dixital. (Expte. G 337/2025)

Polo Pleno do Concello en sesión celebrada en data 30 de xuño de 2025 aprobouse con carácter inicial a Numeración de vivendas existentes no concello de Taboada e creación dun censo dixital. (Expte. G 337/2025)

Dando cumprimento a dito acordo sométese o Censo de vivendas e documentación complementaria, do Concello de Taboada por un prazo de un mes, a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de exposición ao público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, aos efectos de que polos interesados poidan ser presentadas alegacións, reclamacións, suxerencias e consultas, indicando que a consulta deste censo e documentación complementaria deberán facelo as persoas titulares das vivendas acreditando a súa identidade ou, de non ser os titulares da mesa, posuír autorización de representación, na Casa do Concello de Taboada en horario de 9.00 a 14.00 horas.

Transcorrido este prazo sen producirse reclamacións, a aprobación devirá definitiva.

Taboada, 9 xullo de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1988

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO DO 1º SEMESTRE DE 2025.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo de recollida de lixo correspondente ao **1º semestre** do exercicio **2025** foi aprobado por **Decreto de Alcaldía de data 09.07.2025.**

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de un mes, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas

Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera convinte poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de **cobranza en voluntaria** será o comprendido dende o día **22 DE XULLO AO 22 DE SETEMBRO DE 2025**, ambos os dous incluídos. Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma.

Taboada, 9 xullo de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1989

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS” CORRESPONDENTES AO 3º TRIMESTRE DO 2024.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo “Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade” e de “Sumidoiros” correspondentes ao **3º trimestre do 2024**, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data **9 de xullo de 2025**.

O mencionado padrón expónse ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal).

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 2º trimestre de 2024 dende o día **22 de xullo ao 22 de setembro de 2025** ambos os dous incluídos.

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais , supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de présa pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Taboada, 9 xullo de 2025.- O Alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1990

VIVEIRO

Anuncio

Aprobación dos padróns fiscais de Taxa pola prestación do servizo de recollida e tratamento de lixo e residuos sólidos urbanos e Canon de Auga (2.º trimestre do exercicio 2025) e anuncios de cobranza.

Con data de 08 de xullo de 2025 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais :

<u>Obxecto</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Prestación do servizo de recollida de lixos e residuos sólidos urbanos	2.º Trimestre de 2025	330.528,19.-€
Canon auga (Xunta)	2.º Trimestre de 2025	62.632,12- €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolve no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

Anuncios de cobranza :

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- 1) O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día 16 de xullo ata o 16 de setembro do 2025, ambos inclusive.
- 2) Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de VIAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, SANTANDER, caixeiros automáticos CAIXABANK e na páxina web de Viaqua <https://www.viaqua.gal/pago-de-facturas> (CaixaBankNow).
- 3) Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e advírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciárase o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 8 de xullo de 2025.- A Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1991